“ A Liberdade: A liberdade é a razón de vivir, dixemos, soñadores, de estudantes / E a razón dos vellos, / matizamos agora, / a súa única esperanza escéptica. / A liberdade é unha estrana imaxe. / Comezou nas prazas / de touros con cadeiras na area / nas primeiras eleccions / É o perigo, de mañanciña, no metro. / Son os xornais ao rematar o día / A liberdade é cando comeza a alba / nun día de folga xeral. / É morrer libre. Son as guerras médicas ./ As palabras República e Civil. / Un rei saíndo en tren cara o exilio. / A liberdade é unha librería. / Andar indocumentado./ As cantigas proibidas. / Un xeito de amor, a liberdade//.

CANTANTES POLA LIBERDADE

“ A música é liberdade , un valor innegociable “

(José Afonso)

Adolfo Celdrús.- Alberto Cortez.- Alfredo Conde.- Andrés Calanos.- Benedicto.- Benito Lertxundi.- Bibiano.- Bumbury.-Elisa Serna.- Els Setze Jutges.- Fuxan os Ventos.- Georges Moustachi.- Grean Day.- Guillermina Motta.- Imanol Larzabal.- Jei Noguerol.- Joan Manuel Serrat.- Joaquin Sabina.- Jose Afonso.- Juanele.- Julia León.- Lluís Llach.- Manu Chao.- Marc Lavoine.- Margariña Valderrama.- María del Mar Bonet.- Miro Casabella.- Ovidi Montlor.- Pablo Guerrero.- Paco Ibáñez.- Pharrel Williams.- Pi de la Serra.- Rivalta.- Suso Vaamonde.- The Freedom Singers.- Tino Álvarez.- Toni Zen.- Vicente Araguas.- Violeta Parra.- Xaime Barreiro Gil.-Xavier.- Xerardo Moscoso.- Yves Dutell, etc., etc, etc....

<i>¡ Ai ¡!, rabioso e vello</i>	<i>Vello can de palleiro</i>
<i>Can de palleiro</i>	<i>Xa vas morrer</i>
<i>¡ Ai ¡!, Rabioso e vello</i>	<i>E non poderás pegar</i>
<i>Can de palleiro</i>	<i>E non poderás morder</i>

<i>Daste conta de</i>	<i>Os teus podrido dentes</i>
<i>Que vas morrer</i>	<i>Xa ves caer</i>
<i>E non poderás pegar</i>	<i>Os teus podridos dentes</i>
<i>E non poderás morder.</i>	<i>Xa ves caer.</i>

	<i>Caer un tras doutro</i>
<i>Os teus podridos dentes</i>	<i>Xa ves caer</i>

<i>Xa ves caer</i>	
<i>Os teus podridos dentes</i>	<i>Está caendo toda</i>
<i>Xa ves caer</i>	<i>A túa dentadura</i>

	<i>Está caendo toda</i>
<i>Está caendo toda</i>	<i>A túa dentadura.</i>

<i>A túa dentadura</i>	
<i>Está caendo toda</i>	<i>Túa forte dentadura</i>
<i>A túa dentadura.</i>	<i>Virase abaixo</i>

	<i>Abaixo a dentadura</i>
<i>Túa forte dentadura</i>	<i>Abaixo a dentadura</i>

Virse abaixo

Abaixo a dentadura

Bibiano

Abaixo a dentadura

(Voces Ceibes)

(29.08.1975.- Bibiano e Benedicto foron multados con 25.000 pesetas por cantar “ O Can de Palleiro” no II Festival da Cantiga Labrega de A Merca (Ourense).

¿ONDE SE PODE ACHAR VIVA A LIBERDADE ?

DEMOCRACIA.- Réxime político no que a soberanía reside no pobo e é

exercida por este de maneira directa ou indirecta.

FUNDAMENTOS E PRINCIPIOS DO ESTADO DEMOCRÁTICO.- O poder pertence ao pobo , non á nación . Recoñece o dereito dos cidadáns a elixir libremente a súa representación, que consagra a lexitimidade do poder sempre na procura da racionalidade da lei.

Consagración da liberdade, , o pluralismo, a moderación e o diálogo , o recoñecemento dos dereitos individuais , dos pobos e das minorías, rexeitando todo xeito de discriminación e establecendo principios éticos nunha sociedade que consagra os valores de transparencia, funcionalidade , igualdade e respecto.

¿ONDE NON SE ACHA A LIBERDADE ? : UN PERCORRIDO PARA COÑECER A NEGACIÓN DAS LIBERDADES ENTRE 1923/1931 E 1936/1979

TIRANÍA.- Goberno exercido por un tirano. Como tal , é unha forma de goberno que se caracteriza porque quen o exerce goza dun poder total ou absoluto, non limitado polas leis, e que se comporta de maneira autoritaria ou despótica.

ESTADO CORPORATIVO.- Forma fascista da dictadura burguesa, a máis reaccionaria xurdida despois da Primeira Guerra Mundial, xa no período da crise xeral do capitalismo.

Particularidades xerais do estado Corporativo: Liquidáanse as organizacións da clase obreira e a poboación distribúese de maneira obrigada por corporacións (capitalistas, obreiros, empregados); liquidáanse os órganos electivos (parlamento) e sustitúese por unha representación de corporacións: suprímense os procesos electorais para o reximento dos concellos e outras entidades .Resultado de todo isto é que os traballadores se ven privados de todo dereito e son condeados á explotación dos monopolios. O obxectivo principal do Estado Corporativo está en encubrir a ditadura do capital monopolista e conferir ao Estado fascista a aparencia dunha “ colaboración de clase” , dunha “ harmonía de intereses “ no marco das corporacións.

Establécese unha forte censura de prensa, prodúcese a persecución e desterro dos “disidentes” e “diferentes “, mesmo coa eliminación física e sistemática dos que non secundan o implantado “ partido único”, fortemente xerarquizado . Á fronte desa conquista particularista do Estado instálase con carácter vitalicio a figura suprema dun “ Duce” , “Führer” , “Caudillo” ... que concentra todos os poderes, é obxecto dun totalizador culto á persoalidade e que non está sometido a control ningún á hora de tomar decisións de goberno, porque está considerado como “ providencial guieiro” destinado , con base nunha forte militarización da sociedade e o establecemento de “milicias

patrióticas” , á recuperación mítica de pasadas grandezas (Reich, Imperio) que se ha conseguir co trunfo de ideais imperialistas proxectados sobre outros espazos xeográficos e outras comunidades nacionais en aplicación dunha política de conquistas e anexións territoriais.

DITADURA.- Réxime político que, pola forza ou a violencia, concentra todo o poder nunha persoa ou nun grupo ou organización que reprime os dereitos humanos e as liberdades individuais. Poden ser ditaduras militares, de partido único, personalistas, monárquicas ou híbridas.

Algúns exemplos na memoria: A Alemania nacionalsocialista de Adolf Hitler, a Unión Soviética de Iosif Stalin, a República Popular China de Mao Zedong, o Imperio do Xapón con Hideki Tojo, a Italia fascista de Benito Mussolini, o Portugal de Antonio de Oliveira Salazar , a España de Francisco Franco. A Corea do Norte da Dinastía Kim, a Cuba de Fidel Castro, o Zaire de Mobutu Sese Seko, a Nicaragua de Anastasio Somoza, a República Dominicana de Rafael Leónidas Trujillo, etc., etc., etc.

ESTADO AUTORITARIO EN ESPAÑA (1923/1931).- Directorio Militar de Primo de Rivera.- Naceu do golpe de Estado do 13/15,09.1923, que levou a que o xeneral Miguel Primo de Rivera pasase a presidir un goberno a cargo exclusivo de militares. Procedeuse, en nome dun falso rexeracionismo, á clausura das Cortes (Congreso e Senado) e a supresión do dereito de sufraxio universal, en suma á suspensión da Constitución, con cesamento dos cargos eleitos dos concellos e deputacións e nomeamento de delegados gubernativos (militares) nas cabeceiras de partido xudicial con nomeamento dereito de alcaldes e concelleiros.

Pasado un tempo , a coñecida como “Ditadura con rei”, pasou a estar a cargo de ministros civís e militares , restrinxíronse os dereitos e liberdades dos cidadáns, implantouse a censura de prensa e procedeuse ao encarceramento e desterro dos disidentes , decretouse o estado de excepción permanente , creouse un partido único (“Unión Patriótica”) e estendeu por todo o país unha milicia (“ O Somatén”) formado por elementos civís , como auxiliar das forzas de orde pública.

O chamado Directorio Civil acabou esgotando as súas posibilidades de goberno e Primo de Rivera pasou ao exilio, mentres o xeneral Berenguer presidiu o goberno por un curto periodo de tempo coñecido como “ A Dictablanda”.

Establecemento do partido único: Miguel Primo de Rivera implantou o partido Unión Patriótica, como asociación “de todos os homes de boa vontade “ para integrar a toda a sociedade e substituir a todos os partidos políticos tradicionais aos que consideraba corruptos, dando así soporte ao novo réxime de partido único.

.....

(Estes presupostos e a ideoloxía a ela vencellada foi o modelo sobre o que se estableceu o Estado implantado na ditadura franquista)

DEMOCRACIA ORGÁNICA.- Foi un dos nomes que adoptou o réxime franquista para darlle unha aparencia de lexitimación ao que chamaron “Estado Novo” derivado da rebelión militar de 18 de xullo de 1936 contra a II República Española, que deu lugar á guerra fratricida de 1936/1939.

Seguindo os principios establecidos, como imitación dos que foran sostidos polo Directorio, a representación facíase a traveso de institucións sociais que a ditadura franquista consideraba “naturais” (familia , municipio e sindicato vertical), pois ao estar proibidos todos os partidos políticos a vetada participación cidadá auténticamente democrática víase substituída pola participación exclusiva dos compoñentes do partido único (FET y de las JONS ou Movemento Nacional presidido por Francisco Franco).

A “democracia orgánica “ enteiramente contraria aos principios liberais, ao parlamentarismo, aos partidos políticos e ao sufraxio universal sustentábase na súa enteira plenitude na “máis absoluta autoridade do Supremo Caudillo do Movemento Nacional “ sen máis responsabilidade que a de responder “ante Deus e ante a Historia”.

O ARTELLAMENTO IDEOLÓXICO DO RÉXIME FRANQUISTA E A NEGACIÓN DAS LIBERDADES

Principio básico: Francisco Franco Caudillo de España pola graza de Deus”, aparece calificado como “ providencial” e concentra na súa persoa todos os poderes, sen sometemento a ningún control : É Xefe do Estado e Xefe do Goberno, Xeneralísimo dos Exércitos e Xefe do Movemento Nacional.

(Decreto de 29 de setembro de 1936).- “ Artigo 1º.- En cumprimento de acordo adoptado pola Xunta de Defensa Nacional de 29 de setembro de 1936 noméase Xefe do Goberno do Estado Español ao Excmo. Sr. Xeneral de División D. Francisco Franco Baamonde, quen asumirá todos os poderes do novo Estado”.

“ Artigo 2º.- Noméase asemade Xeneralísimo das forzas nacionais de terra , mar e aire, e confíreselle o grao de Xeneral Xefe dos exércitos de operacións.”

(Decreto de Unificación, 1937).- FET Y DE LAS JONS.- “ Esta organización , intermedia entre a Sociedade e o Estado, ten a misión principal de comunicarlle ao Estado o alento do pobo e de lle levar a este o pensamento de aquel a traveso das virtudes político-morais , de servizo xerárquico e irmandade”.

“ Son orixinariamente , e por propio dereito, afiliados da nova organización todos os que no día da publicación deste Decreto posúen o carnet de Falanxe Española ou da Comuñón Tradicionalista, e poderán selo, previa admisión os españois que o soliciten”.

“ Quedan disoltas as demais organizacións e partidos políticos”.

(Lei de 30 de xaneiro de 1938).- “Artº 17.- Ao Xefe do Estado, que asumiu todos os Poderes en virtude do decreto da Xunta de Defensa Nacional de 29 de setembro de 1936, correspóndelle a suprema potestade de dictar normas xurídicas de carácter xeral”.

(Lei 8 de agosto de 1939).- “Artigo 7.- Correspondendo ao Xefe do Estado a suprema potestade de ditar normas xurídicas de carácter xeral, conforme ao artigo 17º de lei de 30 de xaneiro de 1938, e radicando nel de forma permanente as funcións de goberno, as súas decisións e resolucións, adoptan a forma de Leis ou de Decretos, poderán ditarse aínda que non veñan precedidas da deliberación do Consello de Ministros, cando razóns de urxenza así o aconsellen, mais neses casos o Xefe do Estado dará despois coñecemento a aquel das ditas disposicións ou resolucións “.

(Decreto de 31 de xullo de 1939).- Art. 46.- O Xefe da Falanxe Española Tradicionalista das XONS, Supremo Caudillo do Movemento, personifica todos os valores e todos os honores do mesmo. Como Autor da Era Hispánica onde España adquire as posibilidades de realizar o seu destino e con el os anxeos do Movemento, o Xefe asume, na súa enteira plenitude, a máis absoluta autoridade. O Xefe responde ante Deus e ante a Historia”.

(Lei Orgánica del Estado , 1967).- “ As atribucións concedidas ao Xefe do Estado polas leis de 30 de xaneiro de 1938 e de 8 de agosto de 1939, así como as prerrogativas que lle outorgan os artigos sexto e trece da Lei de Sucesión, subsistirán e manterán a súa vixenza ata que se produza o suposto a que se refire o párrafo anterior”.

Romance incompleto

(Celso Emilio Ferreiro)

<i>Fuco Pérez sin segundo, veciño de Gargamala, viudo, maior de idade, propietario dunha cabra e dun terrón que produce cinco dúcias de patacas. Fuco Pérez sin segundo Furibundo iconoclasta, pai dun neno engaranido chantado diante a cabana Por teimoso inconformista</i>	<i>téñente fichado os gardas, por herexe e descreído póñenche a figa as beatas. Fuco Pérez sin segundo ninguén sabe o que che pasa Tes o día, tes a noite, tes os paxaro da ialba. tes as estrelas do ceo. tes as rúas i as estradas, Fuco Pérez sin segundo ¿ Que che falta ?</i>
---	--

(E como verso libre as gorxas xuvenís dos estudantes universitarios de Santiago escribían no vento

¡ A LIBERDADE ! ; A LIBERDADE ! ; A LIBERDADE !

¿ A LOITA POLA LIBERDADE EN SÁRRIA?

Revolta Irmandiña.-A loita contra Napoleón.-Os constitucionalistas de 1820.- As loitas dos agraristas.-

A resistencia antifranquista. -A tractorada contra a cota empresarial.- Manifestacións pola liberdade, amnistía e o Estatuto de Autonomía.

A PROPÓSITO DA ADICACIÓN DUNHA RÚA SARRIÁ A JOSÉ CALVO SOTELO

¿ SABÍAS QUE...

... que en 1889 o concello de Sárria deulle o nome de Rúa da Liberdade ao treito de saída da vila da Estrada de Valdeorras, hoxe rúa Benigno Quiroga ?

....entre 1890 e 1895 consolidouse a apertura dunha estrada para unir Sárria con Pedrafita do Cebreiro e cun ramal ás Augas do Incio ?

... esa vía recibiu o nome de Estrada de Samos ao se ir alzando casas entre a Estación e a Ponte de Ferro ?

....que dende o tempo do Directorio de Primo de Rivera e até 1931 levou o nome de Avenida de Alfonso XIII ?

.... por acordo do Concello de Sárria en 7 de maio de 1931 déronlle o nome de Rúa da Liberdade que moi axiña foi substituído polo de Avenida da República ?

... que no período 1931 a 1936 a antes chamada Estrada de Samos mantivo o nome de Avenida da República ?

... que aínda en 1933 a denominación oficial convivía coas denominacións de Estrada de Samos e Avenida de Alfonso XIII ?

... que en 1937, por mandado recibido das xerarquías provinciais de FET y de las JONS pasou a se denominar Avenida de José Calvo Sotelo, orde que foi acatada pola Comisión Xestora de nomeamento gubernativo que rexía o Concello ?

...que houbo un proxecto non realizado de adicar parte do trazado da rúa a Concepción Arenal ?

... que aínda que en todo o país foron de imposición obrigada os nomes de rúas e prazas adicados a José Calvo Sotelo, José Antonio Primo de Ribera, Francisco

Franco, co enadido dos xenerais Mola e Sanjurjo, en Sárria, nunca houbo rúa ou praza adicadas a Francisco Franco, e a adicada ao fundador da Falanxe non apareceu no rueiro ata o ano 1957 ?

.... que José Calvo Sotelo non tivo especial relación , nin acción ningunha a favor de Sárria en particular e a denominación da rúa obedeceu á calificación de “protomártir da Cruzada” que lle foi atribuída polas xerarquías franquistas , sendo ben coñecida a súa implicación persoal e a do seu partido na preparación do alzamento militar ?

... que as autoridades e representacións locais, concelleiros e funcionarios , o mesmo que en todos os concellos. tiveron que facer aportacións en diñeiro para contribuíren a facer un moimento na honra de José Calvo Sotelo instalado en Tui ?

...que a gratuíta e en nada fundamentada suposición , mantida por algúns nos últimos anos , de que baixo esa denominación a quen se estaría honrando sería ao presidente Lepoldo Calvo Sotelo, ademáis de non contar con base xustificatoria , xa que ningunha relación tivo este con Sárria nin houbo acordo en tal senso , non xustificaría tal honra só o feito de ter ostentado a presidencia do goberno , xa que non se faría acreedor a manter a súa memoria no rueiro sarriao , pois cos mesmos méritos e condicións en “pura equidade” con relación a el , habería que darlles rúas a Adolfo Suárez, Felipe González , José María Aznar, José Luis Zapatero...e a todos cantos presidentes poidan xurdir cada catro anos ou menos , e no dicir do coñecido cantar cubano “ non hai rúa para tanta xente (“ No hay cama pa tanta gente “) ?”

ALGUNHAS NOTAS PARA A MEMORIA DA ANTIDEMOCRACIA.

José Calvo Sotelo no periodo 1927/ 1930 estreitou contactos con Xosé María Pemán, Ramiro de Maetzu e Antonio Goicoechea , todos eles destacados teóricos da extrema dereita española , e todos eles serían activos colaboradores nos posteriores esforzos por derrocar a República.

Cando en 1930 se falaba de esixir responsabilidades pola actuación da Ditadura, Calvo Sotelo tratou de desligar delas ao rei , dicindo que “ as responsabilidades deben ser para ditadura , pero nunca para o poder moderador (o rei) que cumpliu sempre o seu augusto xuízo. A responsabilidade para os ditadores, pola súa obra, e para os políticos do ano 1923 por ter provocado a ditadura”. (Obsérvese que “botando balóns fora” apónlles aos políticos ilexítimamente cesados polo movemento militar ditatorial a “provocación” da suspensión de

todas as garantías constitucionais e a toma do poder).

Para escapar do xuízo seguido por esixir lle responsabilidades , José Calvo Sotelo o 15.04.1931 instalouse en Lisboa e despois en París, onde seguiu en contacto con monárquicos exiliados e participou en diversas conspiracións. Inspirado polas doutrinas fascistas, o seu ideario político foise alonxando de concepcións democráticas para se achegar a posturas totalitarias.

O grupo monárquico do que eran cabezas visibles Goicoechea e José Calvo Sotelo estivo activo nos seus manexos conspiratorios , dende o mesmo día no que se instaurou a República en España, e prantexou a Mussolini e aos seus homes a restauración da monarquía co nomeamento dun rexente (o xeneral Sanjurjo) e un goberno forte , que promovería unha política de Estado de corte fascista , e que debería estar presidido polo propio José Calvo Sotelo, aínda que en algún documento sinalaban para a presidencia a Goicoechea -.

En 1934 Calvo Sotelo convertiu o seu partido, Renovación Nacional, de corte neotradicionalista e contrarrevolucionario , representante das clases sociais máis elevadas, no referente da dereita máis extrema, sendo este un partido de cadros que contaba cun escaso número de afiliados en toda España .

Renovación Nacional facilitoulle á nacente Falange Española un subsidio de 10.000 pesetas mensuais e cando pasou a se denominar Bloque Nacional non deu froito o seu intento de unión electoral proposto a José Antonio Primo de Rivera e a Gil Robles.

As intervencións de José Calvo Sotelo na Cámara, preconizando a posibilidade dun golpe de Estado do exército, considirándoo “ a columna vertebral da Patria “ e defendendo unha solución corporativa e fascista para a organización do Estado, convertírono en inimigo declarado dos partidos da esquerda .

Ao coñecer os resultados das eleccións de 1936 tratou de que se declarase o estado de excepción e non vacilou posteriormente en volver a reclamar , dentro dun clima de crecente inestabilidade política e social , a instauración dunha ditadura militar .

No Congreso dos Deputados pronunciou un discurso no que dixo que “ fronte a este Estado estéril, eu levanto o concepto de Estado integrador...A este Estado moitos chámanlle Estado Fascista, pois se ese é o Estado Fascista, eu participo da idea de ese estado, eu, que creo nel, declárome fascista “.

Segundo Alexandre Torrús o Golpe de Estado do 18 de xullo contou coa connivencia e o apoio de Calvo Sotelo”

“ Os monárquicos de Calvo Sotelo contrataron en Italia , 17 días antes do golpe ,

o subministro dunha cantidade inxente de material bélico, entre o que se inclúen máis de 40 avións e milleiros de bombas , para unha campaña bélica rápida e mortal, tal como escribía o Xeneral Mola”.

O historiador Angel Viñas conclúe que Calvo Sotelo xogaba a ser presidente do Goberno , baixo Sanjurjo.Os monárquicos achegados a Calvo Sotelo, baixo da sinatura do deputado de Renovación Española Pedro Sáinz Rodríguez, compraron na Italia fascista máis de 40 avións, máis de 10.000 bombas de 2 quilos, máis de 2.000 de 50 quilos ou máis, carburantes, gasolina etilada, ametralladoras, proxectís perforantes, etc., por valor de máis de 39 millóns de liras (339 millóns de euros na actualidade) que foron aportados polo banqueiro Juan March”.

*En la bandera de la Libertad
bordé el amor más grande de mi vida.
¡ Yo soy la Libertad herida por los hombres !
¡ Amor, amor , amor , y eternas soledades !
Amas la Libertad por encima de todo,
pero yo soy la misma Libertad. Doy mi sangre
que es tu sangre y la sangre de todas las criaturas.
¡ No se podrá comprar el corazón de nadie !*

*Ahora sé lo que dicen el ruiseñor y el árbol.
El hombre es un cautivo y no puede librarse.
¡ Libertad de lo alto !. Libertad verdadera ,
enciende para mi tus estrellas.....*

(Federico García Lorca)

*Para la libertad sangro, lucho, pervivo
para la libertad , mis ojos y mis manos,
como un árbol carnal, generoso y cautivo
doy a los a los cirujanos.
Para la libertad siento más corazones
que arenas en mi pecho : dan espumas mis venas
y entro en los hospitales, y entro en los algodones
como en las azucenas.
Para la libertad me desprendo a balazos
de los que han revolcado su estatua por el lodo
Y me desprendo a golpes de mis pies, de mis brazos,
de mi casa , de todo.*

*Porque donde unas cuencas vacías amanezcan,
ella pondrá dos piedras de futura mirada
y hará que nuevos brazos y nuevas piernas crezcan
en la carne talada.
Retoñarán alados de savia sin otoño
reliquias de mi cuerpo que pierdo en cada herida.
Porque soy como el árbol talado, que retoño
porque aún tengo la vida.*

Miguel Hernández

*Gizona kartzelan dute
Zer esan du?
Zer egin du ?
Sementzat ogia eskatu du.
Eta poeta
Etxean gelditu da atean itxita.
Gizona zigorrer jo dute
Zer esan du ?
Zer egin du ?
Guziontzat egia eskatudu
Eta poeta
Kalean gelditu da begiak itxita.
Gizona kartzelan hantxen dago.
Zer esan zun ?
Zer egin zun ?
Justizia pixka bat eskatu zun
Eta poeta
Ixilik gelditu da
Beldurrak eraginda.
Ai, poeta :
Gogoroa izango de zuretzat askatasun egunat*

Xabier Lete

(“ O home foi encarcerado / ¿ Que dixo ? / ¿ Qué fixo ? / Pediu pan para os seus fillos / E o poeta, e o poeta / pechou as portas e quedou na casa / O home foi golpeado / ¿ Que dixo / ¿ Qué fixo? / Pediu a verdade para todos / E o poeta, e o poeta / pechou os ollos e ficou no seu recanto / O home segue alí no cárcere / ¿ Qué dixo ? ¿ Qué fixo ? / Pediu un pouco de xustiza / E o poeta, e o poeta / ficou calado polo medo / Ai, poeta !/ Que duro vai ser para ti o día da liberdade//” .- Xabier Lete)

*Recuperando para a súa arteria principal o nome de RÚA DA LIBERDADE
Sárria honra o máis profundo e constante dereito , a feble semente , a arela
fundamental e constante de todos os pobos e de todos os cidadáns do mundo
que apostan pola defensa dos Dereitos Humanos.*

” O prezo da Liberdade é a súa eterna vixilancia”

(Thomas Jefferson)

Sárria, 28 de outubro de 2022

**Seminario de Estudos Sarriaos
“ Francisco Vázquez Saco”**